1. Logo da notificación da resolución de concesión, se o beneficiario precisa introducir calquera tipo de modificación sobre o proxecto técnico presentado coa solicitude, solicitará autorización da Axencia no modelo normalizado (anexo VII), xustificando as razóns do cambio e xuntando a oportuna actualización do expediente que recolla as variacións do proxecto orixinal. O prazo para solicitar a modificación do proxecto será ata un (1) mes anterior á finalización do prazo para a xustificación final dos investimentos no caso de subvencións cunha única anualidade. No caso de dúas anualidades, o prazo será ata un (1) mes anterior á finalización do prazo para xustificar a primeira anualidade.

2. Poderase modificar o proxecto inicialmente aprobado, sempre que os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación cumpran cos criterios de selección aplicados para a concesión das axudas, sen que poida supor discriminación de terceiros nin modificación da puntuación acadada pola aplicación dos criterios de selección.

3. A autorización ou denegación da modificación realizarase mediante resolución da Dirección da Axencia por proposta do órgano instructor, logo de instrución do correspondente expediente de modificación.

4. A modificación do proxecto estará suxeita ás seguintes condicións:

a) As modificacións que supoñan incrementos do importe do proxecto subvencionable, non carrexarán un incremento do importe da subvención concedida.

b) Será admisible a redución do importe total do proxecto considerado como subvencionable na resolución de concesión se non supera o 40% do seu valor.

CVE-DOG: dl46lsq1-t4o7-zdj4-7ik5-tclbnwoa2j9



c) Non se admitirán modificacións que supoñan un cambio de beneficiario.

d) As modificacións que afecten os gastos incluídos na solicitude de axuda deberán cumprir, se for o caso, cos requisitos do artigo 12 destas bases.

Artigo 20. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónica de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 21. *Documentación xustificativa que se presentará para o pagamento da axuda*

1. Para o pagamento parcial da axuda deberá presentarse a seguinte documentación:

CVE-DOG: dl46lsq1-t4o7-zdj4-7ik5-tclbnwoa2j9



a) Solicitude de pagamento da axuda (anexo VIII), no cal se incluírán as seguintes declaracións responsables:

– Declaración responsable de que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

– Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

– Declaración responsable de non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Declaración responsable de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2 g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

– Declaración responsable de que a empresa non está en crise, de acordo coa definición do artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

– Declaración responsable de que a empresa non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

– Declaración responsable de que a empresa non está inmersa nun proceso de concurso de acredores.

– Declaración responsable de que esta empresa cumpre coa normativa ambiental vixente.

– Declaración responsable de que a empresa mantén o cumprimento dos requisitos que condicionaron a obtención da axuda e das condicións para obter a puntuación aplicada na concorrência competitiva para a aprobación dos expedientes.

– Declaración responsable de que ningún dos provedores están asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, e que non

CVE-DOG: dl46lsq1-t4o7-zdj4-7ik5-tcllbnwoa2j9



concorren neles ningunha das prohibicións recollidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

b) Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, xustificativos do investimento subvencionable e documentación acreditativa do pagamento, que deberán cumprir o indicado no anexo XIII.

c) Relación ordenada dos investimentos e os pagamentos efectuados (anexo XI).

d) Anexo IX: declaración responsable da persoa solicitante de todas as axudas solicitadas e concedidas para a mesma finalidade ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional e de todas as axudas suxeitas ao réxime *de minimis* percibidas.

e) Certificado de depósito de aval bancario na caixa xeral de depósitos da Xunta de Galicia, se procede.

2. Para o pagamento final da axuda deberá presentarse:

a) A documentación recollida no número 1 deste artigo.

b) Memoria dos investimentos realizados (anexo X), coa explicación das diferenzas entre os traballos previstos e os realizados, e a declaración da distribución de empregados na empresa.

c) Memoria asinada pola persoa beneficiaria ou representante, segundo o punto 2 do anexo X desta resolución, indicando as actuacións executadas, os obxectivos alcanzados e a súa importancia na actividade futura do beneficiario.

d) Informe oficial da Seguridade Social de vida laboral do beneficiario desde a data de publicación da convocatoria ata a data de xustificación final dos investimentos, tanto para o réxime xeral como para o agrario, coa relación de traballadores e as datas de alta e baixa. No caso de que nalgún dos réximes non teña traballadores, debe presentar informe de encadramento do empresario no sistema da Seguridade Social.

e) Certificado de conformidade do proveedor da factura presentada e do pagamento correspondente, onde figure o importe e a data da factura e do pagamento e o obxecto facturado claramente identificado, con marca, modelo e número de bastidor, e facendo constar que se trata dun equipamento novo.

CVE-DOG: dl46isq1-t4o7-zdj4-7ik5-tcllbnwoa2j9



f) Informe fotográfico dos investimentos executados/ proxecto executado. No suposto de investimentos que incorporen un número de serie, fotografía da correspondente placa identificativa.

g) Informe fotográfico acreditativo do cumprimento das medidas de publicidade e difusión recollidas no artigo 28 desta resolución.

Artigo 22. Xustificación e pagamento do proxecto

1. A data límite de xustificación dos traballos establecerase na convocatoria anual, e só serán subvencionables os proxectos que se realicen e que se xustifique o seu gasto (factura) e pagamento (xustificante de pagamento) dentro do prazo de execución.

2. Os xustificantes de gasto e de pagamento deberán cumprir co indicado no anexo XIII.

3. A Axencia comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade, o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención e das demais obrigas exixidas ás persoas beneficiarias das axudas.

4. Os órganos competentes da Axencia poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do proxecto que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que a persoa solicitante os presentase, a Axencia iniciará o correspondente procedemento de incumprimento.

5. Cando se poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da subvención, e que poidan dar lugar á modificación da resolución conforme o artigo 19 destas bases, logo de omitirse o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da subvención poderá aceptar a xustificación presentada, sempre que tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros. A aceptación das alteracións por parte da Axencia no acto de comprobación non exime o beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Transcorrido o prazo establecido da xustificación sen ter presentado a xustificación dos traballos subvencionados, requirirase o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da solicitude no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda,

CVE-DOG: d1461sq1-t4o7-zdj4-7ik5-tcllbnwoa2j9



a exigencia do reintegro das cantidades percibidas e poderá supor a apertura dun expediente sancionador segundo se establece na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

7. No caso de que a xustificación do proxecto sexa por menor importe do aprobado, a axuda que se pague será proporcional ao importe xustificado, sempre que se trate de liñas de investimento susceptibles de avaliación independente e cumpran os fins previstos inicialmente. En todo caso, unha execución inferior ao 60 % da base subvencionable do proxecto terá a consideración de incumprimento total, ocasionará a perda de dereito ao cobramento da subvención e seguirá o procedemento sinalado no artigo 24 desta resolución.

8. Unha vez presentada a solicitude de pagamento, realizarase a inspección comprobatoria de execución dos investimentos subvencionados de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9. Os pagamentos a conta adaptaranse ao establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os ditos pagamentos á conta, cando o importe da primeira anualidade supere os 18.000 euros, serán garantidos mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca e deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación previsto na convocatoria. O referido aval depositarase á disposición da Axencia Galega da Industria Forestal na caixa xeral de depósitos da Xunta de Galicia e deberá cubrir o 110 % do importe que se vaia percibir na primeira anualidade da subvención. O certificado de depósito do aval presentarase na solicitude de pagamento da primeira anualidade xunto co resto da documentación, nos prazos que se establezan para a xustificación da primeira anualidade da subvención. Este certificado de depósito devolverase ao interesado unha vez que se comprobe, mediante inspección in situ se procede, a realización material do obxecto da subvención, así como as restantes condicións da subvención.

Artigo 23. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. Son obrigas das persoas beneficiarias:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto ou realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

CVE-DOG: dl46isq1-t4o7-zdj4-7ik5-tclbnwoa2j9



b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para comprobar a aplicación das axudas á finalidade que determinou a súa concesión, o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión e o pagamento da axuda e o mantemento das condicións establecidas nas bases reguladoras, a convocatoria e a resolución de concesión para o cal achegará tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo a que fai referencia a disposición adicional primeira desta resolución.

e) O beneficiario deberá manter os requisitos que condicionaron a obtención da axuda e as condicións para obter a puntuación aplicada na concorrência competitiva para a aprobación dos expedientes ata a data de solicitude do pagamento final da axuda.

f) O beneficiario deberá manter os investimentos subvencionados durante un período mínimo de 5 (cinco) anos, contados desde a data do último pagamento da axuda.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O incumprimento das condicións establecidas nesta resolución e as indicadas na resolución de concesión de axuda, así como encontrarse nas circunstancias previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ocasionará a perda de dereito á axuda.

Artigo 24. *Perda do dereito ao cobramento e reintegro*

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir cos obxectivos, actividades e comportamentos que fundamenten a concesión da axuda, así como os compromisos asumidos durante o tempo de duración da axuda. De non ser así, perderá o dereito ao seu cobramento e/ou, de ser o caso, procederá ao reintegro da subvención.

CVE-DOG: dl46isq1-t4o7-zdj4-7ik5-tclbnwoa2j9



2. Son causas de perda do dereito ao cobramento ou, se for o caso, de reintegro as seguintes:

a) O falseamento, inexactitude ou omisión dos datos subministrados pola persoa beneficiaria que servisen de base para a concesión da axuda ou ocultación daqueles datos que a impedirían.

b) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, tarefas ou condicións do proxecto inicial ou da finalidade para a cal a axuda foi concedida. No suposto de incumprimentos parciais, sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tidos en conta na concesión das axudas, a Axencia deberá resolver sobre o seu alcance.

No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos subvencionables deixados de practicar ou aplicados a outros distintos dos considerados subvencionables. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 40% da base subvencionable do proxecto, entenderase que o incumprimento é total.

c) O incumprimento da obrigaón de xustificación, xustificación insuficiente, xustificación fóra do prazo establecido, falsidade, terxiversación ou ocultación nos datos ou documentos que serven de base para xustificar os investimentos subvencionables ou outras obrigaóns impostas na resolución de concesión da axuda.

d) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de axudas para a mesma finalidade ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) O incumprimento dos prazos de mantemento dos requisitos que condicionaron a obtención da axuda, das condicións para obter a puntuación aplicada na concorrencia competitiva para a aprobación dos expedientes ou do proxecto.

f) A obtención de financiamento de distintas procedencias ou concorrencia de subvencións por riba do custo das actividades subvencionadas.

CVE-DOG: dl46isq1-t4o7-zdj4-7ik5-tclbnwoa2j9



g) Calquera das demais causas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectivo, se for o caso, o reintegro das cantidades pagadas será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 25. *Controis*

As persoas beneficiarias destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice a Axencia para o seguimento dos proxectos aprobados e do efectivo cumprimento das obrigas e compromisos do beneficiario fixados no artigo 23, e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 26. *Infraccións e sancións*

Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 27. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, da Lei de subvencións de Galicia

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 28. *Medidas informativas e publicitarias*

1. As persoas beneficiarias deberán comunicar o carácter de financiamento público do proxecto nos termos recollidos no anexo XII.

CVE-DOG: dl46isq1-t4o7-zdj4-7ik5-tclbnwoa2j9



2. Nas redes sociais, empregarase o cancelo #XERAAvalor e utilizarase a ferramenta @ para ligar correctamente co perfil da Axencia, nas novas que citen o proxecto obxecto de axuda:

Linkedin: XERA-Axencia da Industria Forestal (www.linkedin.com/company/xera-axencia-da-industria-forestal).

Facebook: XERA-Axencia da Industria Forestal (www.facebook.com/XERAindustriaforestal).

3. No caso de que na realización dun control a posteriori, que se efectuará nos cinco anos posteriores ao pagamento final da axuda concedida, se verifique o incumprimento do establecido no punto 1 deste artigo, procederase á solicitude de reintegro da axuda concedida.

4. Para estes efectos, os logos poderán descargarse en formato .jpg na web da Axencia Galega da Industria Forestal (<http://www.xera.gal/>).

5. As solicitudes de axuda suporán unha autorización expresa para que os datos de carácter persoal fornecidos nelas poidan ser utilizados pola Axencia Galega da Industria Forestal nas campañas de promoción e divulgación das súas actividades, salvo oposición expresa do solicitante, para o cal se habilitará na mesma solicitude a opción de non autorización.

CAPÍTULO II

Convocatoria de axudas para o ano 2021

Artigo 29. *Convocatoria*

Convócanse para o ano 2021 en réxime de concorrencia competitiva as axudas reguladas por esta resolución. As solicitudes, documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas serán as establecidas con carácter xeral nos artigos anteriores.

Artigo 30. *Prazo de presentación das solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución.

Artigo 31. *Prazo de xustificación*

1. O prazo de xustificación será para a anualidade do 2021, ata o 15 de novembro de 2021 inclusive, e para a anualidade do 2022 ata o 15 de abril de 2022. Así mesmo, logo



de solicitude motivada do beneficiario e sempre que sexa autorizado polo órgano que ditou a resolución de concesión terase en conta que as cantidades non xustificadas polos beneficiarios na anualidade do 2021 se poderán computar e xustificar na anualidade 2022, sempre e que non sexan susceptibles de perda de dereito ao seu cobramento e o soliciten .

2. Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase conceder unha ampliación do prazo de xustificación e de execución establecido, que non exceda a metade del, se as circunstancias o aconsellan e con isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse, como máximo, un (1) mes antes de que acabe o prazo de execución. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de xustificación.

Artigo 32. *Financiamento*

1. As axudas financiaranse con cargo á aplicacións orzamentarias seguintes:

Código proxecto	Aplicacións	Anualidade 2021	Anualidade 2022	Total
2021 00002	06.A4.741A.770.0	831.026,00	208.000,00	1.039.026,00
	06.A4.741A.771.0	768.974,00	192.000,00	960.974,00
Total		1.600.000,00	400.000,00	2.000.000,00

2. Este orzamento poderá verse incrementado con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

3. A Axencia poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta resolución, cando o incremento derive de:

a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, unha vez aprobada a modificación orzamentaria que proceda.



Disposición adicional primeira. *Compatibilidade das axudas*

1. O procedemento de concesión destas subvencións quedará suxeito ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas mínimas (DOUE 24.12.2013, L352/1). De acordo co artigo 3.2 do dito regulamento, o importe total das axudas *de minimis* concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá os 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

2. As subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras serán compatibles con outras axudas ou subvencións destinados aos mesmos investimentos, tanto de orixe pública como privada, sempre que a intensidade máxima das axudas obtidas con fondos públicos non exceda o 100 % dos custos subvencionables.

Disposición adicional segunda. *Outras regulamentacións*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Disposición adicional terceira. *BDNS*

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a Axencia para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para a aplicación ou o cumprimento do establecido nesta resolución.

Disposición derradeira segunda

Esta resolución terá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2021

José Ignacio Lema Piñeiro
Director da Axencia Galega da Industria Forestal

CVE-DOG: dl46lsq1-t4o7-zdj4-7ik5-tclbnwoa2j9





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I

PROCEDIMENTO AXUDAS DIRIXIDAS Á VALORIZACIÓN, POTENCIACIÓN, INNOVACIÓN E MELLORA DAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS DA INDUSTRIA FORESTAL GALEGA E DO CONTRACT	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO IN500B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---------------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDIMENTO (Artigo 4)	
	CONTÍA DOS INVESTIMENTOS
Compra de maquinaria nova vinculada aos procesos de produción da empresa, así como para os procesos de secado e doutros tratamentos da madeira	
Obras e instalacións necesarias para a correcta instalación e funcionamento dos investimentos obxecto de subvención	
Tecnoloxías da información e comunicación (TIC)	
Outros bens de equipamento que formen parte do activo da empresa e interveñan no proceso produtivo obxecto do proxecto	
Implantación e certificación da cadea de custodia de madeira certificada, de normativa de calidade e plans de mellora de xestión empresarial	
Servizos, bens, equipamentos, tecnoloxías e obras de acondicionamento necesarios para á obtención de selos de calidade, marcas de garantía, marcas colectivas ou implantación do marcación CE de produtos e condicionados á obtención destes dentro do prazo de xustificación da axuda	
Ensaio de caracterización de produto realizados conforme a normativa oficial por un laboratorio acreditado para a realización do ensaio	





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	CONCEDIDA	IMPORTE (€)
	☐ SI ☐ NON	
	☐ SI ☐ NON	
	☐ SI ☐ NON	

2. Que en relación coas axudas recibidas ao abeiro do Regulamento (UE) n° 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*:

- ☐ NON se recibiu ningunha axuda suxeita ao réxime de *de minimis* nos últimos tres exercicios fiscais.
- ☐ Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas suxeitas ao réxime de *de minimis* nos tres últimos exercicios fiscais, que son as que a seguir se relacionan:

DECLARACIÓN AXUDAS DE MINIMIS

OBXECTO INVESTIMENTO	IMPORTE INVESTIMENTO	CONCEDIDA	IMPORTE SUBVENCIÓN	LIÑA AXUDAS	ORGANISMO XESTOR
		☐ SI ☐ NON			
		☐ SI ☐ NON			
		☐ SI ☐ NON			
		☐ SI ☐ NON			

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal solicita a axuda.
5. Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
6. Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que está ao día no pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
8. Que esta empresa non está en crise de acordo coa definición do artigo 2.18 do Regulamento (UE) n° 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 y 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.
9. Que a dita empresa non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
10. Que a empresa non está inmersa nun concurso de acredores.
11. Que esta empresa cumpre coa normativa ambiental vixente.
12. Que a distribución de traballadores na empresa é tal como se reflicte no cadro inferior.

ACTUALMENTE		
AUTÓNOMOS	FIXOS	TEMPORAIS

- ☐ Comprométome a manter a porcentaxe mínima do 40 % de persoal da empresa con contratos por tempo indefinido ao remate do prazo concedido para xustificar o proxecto.

13. Que desenvolverá en Galicia as actividades que ten asignadas no plan de traballo do proxecto para o cal solicita a axuda.
14. Que o solicitante coñece que os provedores non están asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores e que non concorren neles ningunha das prohibicións recollidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- ☐ Anexo II - Comprobación de datos de terceiras persoas interesadas.
- ☐ Anexo IV - Memoria dos investimentos que se van realizar e das características da empresa para as cales solicita baremación
- ☐ Memoria asinada pola persoa solicitante onde se desenvolvan os puntos relacionados no anexo IV. Na memoria indicárase obrigatoriamente a distribución por anualidades proposta polo solicitante

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Documentación xustificativa de acreditación de capacidade de representación da empresa, no caso de que a solicitude non este asinada por representante legal.			

Documentación acreditativa dos requisitos previos:

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Escrituras sociais de constitución e modificacións posteriores, no caso de empresa.			
☐ Certificado de situación censual, no caso de autónomo.			

Declaración da condición de peme, segundo os anexos III.1, III.2 e III.3

- ☐ Anexo III.1 - Declaración relativa á condición de peme (persoas físicas ou pluralidade de persoas físicas).
- ☐ Anexo III.2 - Declaración relativa á condición de peme (persoas xurídicas).
- ☐ Anexo III.3 - Declaración de persoa física participe na persoa xurídica.

No caso de empresas vinculadas ou asociadas coa empresa solicitante:

- ☐ Copia das contas anuais do último exercicio pechado de cada unha das empresas.
- ☐ Informe oficial da Seguridade Social de vida laboral dos doce meses anteriores á data de publicación da convocatoria para todos os réximes en que figure dada de alta cada unha das empresas.

Documentación xustificativa da viabilidade da empresa (artigo 2):

- ☐ Disponibilidade de crédito bancario para o investimento, dun mínimo do 70 % do seu importe do mesmo ou comunicación bancaria de estar en disposición de conceder financiamento.
- ☐ Certificación bancaria de dispoñibilidade líquida na conta por importe do investimento.
- ☐ Ventas por importe superior ao triplo do investimento (na declaración do IVE do último exercicio pechado á data de publicación da convocatoria-modelo 390 ou modelo 303 do último mes do ano, segundo proceda).
- ☐ Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil, recibo actualizado e xustificante de pagamento.
- ☐ Copia do contrato do servizo de prevención de riscos laborais, recibo actualizado e xustificante de pagamento, de ser o caso.
- ☐ Informe oficial da Seguridade Social de vida laboral do solicitante dos doce meses anteriores á data de publicación da convocatoria en que solicite a axuda, tanto para o réxime xeral como para o agrario. No caso de que ningún dos réximes non teña traballadores, debe presentar informe de encadramento do empresario no sistema da Seguridade Social.
- ☐ Copia da declaración do último imposto de sociedades, no caso de contribuíntes por este imposto, do último exercicio económico pechado na data de publicación da convocatoria.

Documentación relativa aos investimentos obxecto de baremación:

- ☐ Contratos, orzamentos ou facturas *pro forma* (segundo sexa o caso) dos investimentos previstos de tres provedores distintos de conformidade co disposto no artigo 12.

No caso de investimentos en maquinaria fixa e instalacións, de acordo co disposto no artigo 11.1.f) 2º:

- ☐ Para investimentos de maquinaria fixa ou instalacións: planos de localización da industria e plano de planta coa distribución de edificacións, maquinaria e instalacións onde veñan reflectidos os investimentos que se van realizar. Os planos deberán estar asinados por un técnico competente.
- ☐ No caso de instalacións que así o requiran: copia da presentación no concello da solicitude de licenza de obra ou comunicación previa, segundo proceda.
- ☐ Acreditación da presentación no concello da comunicación previa do inicio da actividade ou apertura do establecemento establecida no artigo 24 da Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, con toda a documentación requirida, ou licenza de actividade para as solicitudes de licenza tramitadas antes da entrada en vigor da devandita lei.

Documentación acreditativa das características da empresa obxecto de baremación:

- ☐ Para a xustificación do criterio do artigo 8.1.b) 1º: Vida laboral dos doce meses anteriores á data de publicación da convocatoria en que solicite a axuda. No caso de que ningún dos réximes non teña traballadores, debe presentar informe de encadramento do empresario no sistema da Seguridade Social

Xustificación dos cursos de formación:

- ☐ Diploma acreditativo ou certificación emitida polo organismo que impartiu o curso
- ☐ Documentación acreditativa do contido do curso.
- ☐ Declaración responsable de non obrigatoriedade do curso dentro dos plans de seguridade laboral.

Xustificación de ter sistema/s de certificación de cadea de custodia:

- ☐ Certificado de cadea de custodia e documentación acreditativa da súa vixencia.

Xustificación de ter muller xerente:

- ☐ Escrituras sociais.
- ☐ Contrato de traballo con funcións propias do cargo comunicado ao organismo público correspondente.

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: d1461sq1-t4o7-zdj4-7ik5-tclbnwoa2j9



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA O YA PRESENTADA CON ANTERIORIDAD (continuación)

Xustificación de dispor de sistemas de xestión da calidade:

☐ Certificación expedida pola entidade competente.

Empresas que dispoñan de marcación CE para algún dos produtos que fabriquen:

☐ Certificado de control das prestacións do produto.

☐ Certificado de conformidade do control de produción en fábrica.

☐ Xustificación de ter implantado un sistema de control da produción en fábrica.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

DNI/NIE da persoa solicitante

OPONOME Á
CONSULTA

☐

DNI/NIE da persoa representante

☐

Certificación da Seguridade Social de estar ao día nas obrigas tributarias

☐

Certificación da Consellería de Facenda de estar ao día nas obrigas tributarias

☐

Consulta de concesións de subvencións e axudas

☐

Consulta de concesións de subvencións e axudas polo réxime *de minimis*

☐

Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas

☐

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

AUTORIZO A
CONSULTA

NIF da entidade solicitante

☐ SI ☐ NON

IRPF da persoa solicitante

☐ SI ☐ NON

Alta no IAE ou certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria

☐ SI ☐ NON

Certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao día nas obrigas tributarias

☐ SI ☐ NON

AUTORIZACIÓN PARA O USO DE DATOS PERSOAIS EN CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN

Autorización para que os datos de carácter persoal poidan ser utilizados pola Axencia Galega da Industria Forestal nas súas campañas de promoción e divulgación da súas actividades

☐ SI ☐ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega da Industria Forestal
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
